

“Só aguenta vivo o que inventa”

Xavier Alcalá,
Director da Oficina de Programas Internacionais de I+D+i da Xunta

Xavier Alcalá é o entusiasmo personificado. Este enxeñeiro de Telecomunicacións e escritor de sona (está rematando unha triloxía sobre os evanxélicos en Galicia) é tamén o director da Oficina de Programas Internacionais de I+D+i da Xunta. O obxectivo é non perder ningunha oportunidade de apoio a investigación e sobre todo do VII Programa Cadro, que acaba de abrir a primeira convocatoria.

Texto: Ana Fuentes

Aproveitar ó máximo os programas de apoio internacionais da CE en I+D+i (Opidi), un organismo promovido pola Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e que dirixe o polifacético Xavier Alcalá (Miguelturra, Ciudad Real, 1947). Enxeñeiro de Telecomunicacións, doctor en Informática, profesor na Universidade de Santiago (dá clase de fundamentos tecnolóxicos dos multimedia en Ciencias da Comunicación), conselleiro da empresa EMETEL, pero sobor de todo moi coñecido pola súa faceta de escritor. O autor de “A nosa cinza” e “Nos pagos de Huinca Loo”, está agora metido de cheo na conclusión dunha triloxía sobre a represión á comunidade evanxélica ó longo da historia de Galicia e da que os dous primeiros títulos son “Entre fronteiras” e “Nas catacumbas”. Di que nos aeroportos se perde moito tempo. El non o perde, aproveita para escribir. Tamén para pensar nos investigadores e sublima ó inicio da entrevista que xa se abriu o prazo para presentar proxectos ó VII Programa Cadro da Unión Europea para que investigadores e empresas tomen nota.

- Qué fai na práctica esta Oficina de Programas Internacionais de I+D+i?

- Hai un plano de investigación e desenvolvemento que xa se presentou, que é o documento de partida. Ahí establécense as liñas fundamentais de actuación especializada por parte nosa e do país, no que é a I+D. Por poñer un exemplo práctico, nós temos que adicarlle máis esforzo á propulsión dos buques de pesca que ó desenvolvemento doutras técnicas. Despois está o VII Proxecto Cadro en tódolos seus aspectos, que é bastante complexo, que ven dar como resultado unhas liñas de actuación fundamental, entre elas as enerxías alternativas ou as tecnoloxías de información e a comunicación. O que fixemos, para sermos prácticos, é unha matriz de casamento, é dicir, liñas de I+D nosas casadas coas liñas que saen no VII Programa Cadro. Despois temos os sectores onde hai unha actividade galega fundamental e sobre eles actuamos. Por exemplo, na área de alimentación todo o que ten que ver co mundo da conserva. Entón imos logo ó sector e lle preguntamos qué proxectos teñen para presentar ás axudas do VII Programa Cadro tendo en conta que hai que ter multinacionalidade, na que o límite é a manexabilidade; e a outra condición é que ten que haber participación de universidades e de empresa. Porque nos anteriores programas cadro houbo problemas de que os resultados dos proxectos de I+D levasen un produto que se poidese pór no mercado, é dicir, non levaban a resultados comercializables.

- Cal é o obxectivo?

- Pouco podems facer nós se non temos o apoio das empresas e das universidades. É máis difícil facer chegar a entender o mundo empresarial que a investigación, o desenvolvemento e a innovación son o si ou o non do desenvolvemento técnico e científico do mundo. Hoxe só aguenta vivo o que está continuamente inventando.

- Qué pode aportar Galicia? Por que non só imos á convocatoria do Programa Cadro a ver que podemos sacar?

- Galicia é sabia en distintos campos. Poñamos o exemplo da alimentación, pero tamén do que se sabe en Galicia de manter o tipo producindo roupa ou fabricando coches de calidade. Os exemplos son moitos. Así que cando nos achegamos aos proxectos europeos partimos dunha

condición de excelencia de coñecemento en determinados campos. Así que o que ten que aportar Galicia á UE é esa excelencia de coñecemento que ten que seguir progresando.

- E cómo é ese triángulo de sedes da Opidi, en Ferrol, en Santiago e tamén en Bruxelas?

- Europa está moi rexionalizada e cando vas por Bruxelas ves que hai delegacións rexionais de toda Europa. A Xunta ten a súa Fundación Galicia Europa pero non había especialización nos ramos que teñen máis razón de ser en Bruxelas. Así que vista a situación técnico-científica en que vivimos non queda máis remedio que estar en Bruxelas. En Santiago é que temos dividida a Opidi en dúas áreas, a institucional e a empresarial. Como resulta que en Ferrol se está recompondo o edificio do CIS, que é un lugar que ten moi bo aloxamento e conta con algo fundamental, que é que o CIS durante moitos anos foi o centro onde se concentrou en Galicia a transferencia tecnolóxica pois o departamento de documentación do CIS vale ouro.

- Fai énfase na convocatoria aberta xa do Programa Cadro. É que en Galicia se nos pasan convocatorias?

- Tódolos anos vai haber tres convocatorias pero a primeira é a forte, a segunda, a metade de ano, a débil e a terceira a de repesca. O importante é estar na primeira.

- Director da Opidi, escritor, investigador e profesor. Non para.

- Eso se resolve moi fácil. Primeiro cun contrato que me permite compaxinar o traballo na universidade coa Opidi. Non vou deixar de dar clase na universidade porque eu vou a aprender porque estou en contacto coa xente nova, que é a que fai que a un se lle movan as neuronas. O de escribir, ¿sabes a cantidade de horas que se perden nos aeroportos?

- E agora está escribindo?

- Estou acabando a terceira parteda trilogía sobre as aventuras secretas dos evangélicos. Esta mañá no avión xa escribín unha horiña.

- Pero fai falla moita concentración.

- Os que fomos educados na física e na matemática temos unha capacidade de concentración e de abstracción como corresponde. A min non me custa ningún traballo evadirme. É máis, o necesito para as neuronas.

- Ten a dúas vertentes a do enxeñeiro técnico e a humanística.

- Quéresme decir quen non ten unha vertente humanística? Iso é un mito. Ademais, entre os enxeñeiros de telecomunicacións é tradición o de ser músico. Os escritores somos uns vaidosos terribles e o que facemos é fabular, pero en lugar de contarlle ó resto dos amigos nós temos a teima de querer que nos publiquen as nosas vaidades e eso non ten nada que ver con ser enxeñeiro.